



mercado de traballo

ESTE APARTADO CENTRARASE no estudo das diferentes variables relacionadas co mercado de traballo galego, para o que teremos en conta a información facilitada pola *Enquisa de Poboación Activa* (EPA) –elaborada polo CES en medias anuais–, o Instituto Nacional de Empleo (INEM), a Dirección Xeral de Relacións Laborais, o Consello Galego de Relacións Laborais, o Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales e o INE.

A primeira parte do estudo está dedicada á análise dos datos de afiliacións á Seguridade Social, que experimentou un crecemento do 2,8% respecto ó ano anterior (24.257 afiliacións máis), para acadarlas 904.348 persoas.

Posteriormente, analízanse os datos facilitados pola *Enquisa de Poboación Activa*. Unha primeira aproximación á situación do mercado de traballo está recollida no **cadro C.2.3.** (*Principais datos do mercado*

de traballo 2000-01), que reflicte unha medra da poboación maior de 16 anos do 0,2% (3.800 persoas) respecto ó ano anterior. A poboación activa en 2001 rexistra un descenso de 11.900 persoas (un 1%) fronte á medra nun 1,6% (18,6 miles de persoas) da poboación inactiva.

A taxa de crecemento do emprego no ano 2001 racha a tendencia dos últimos anos, ó permanecer practicamente constante a media anual da poboación ocupada, con en 800 novas ocupacións (un 0,1% máis que no ano 2000). A redución do desemprego en 12,7 miles de persoas no ano 2001, ata situarse nos 158,7 miles de traballadores, está explicada pola redución da poboación activa (11,9 miles de persoas) e non polo crecemento de emprego (0,8 miles de persoas).

O terceiro apartado, dedicado ós datos rexistrados polas oficinas de emprego da Xunta e polo INEM, recolle variables como o

2.



Traballadores en alta laboral 2000-01 (1): distribución segundo réximes

	2000				
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Réxime Xeral e da Minería do Carbón	598.245	253.028	65.471	64.528	215.219
Réxime Especial Agrario	74.786	25.309	26.602	9.196	13.679
Réxime Especial Autónomo	163.524	65.890	21.293	22.604	53.737
Réxime Especial do Mar	30.844	7.618	2.319	-	20.907
Réxime Especial Empregados Fogar	12.697	5.431	1.579	1.836	3.851
Total	880.096	357.276	117.264	98.164	307.393

	2001				
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Réxime Xeral e da Minería do Carbón	624.974	265.337	67.725	66.733	225.178
Réxime Especial Agrario	70.581	24.056	25.430	8.317	12.778
Réxime Especial Autónomo	165.320	66.592	21.491	22.590	54.646
Réxime Especial do Mar	30.307	7.457	2.310	-	20.540
Réxime Especial Empregados Fogar	13.163	5.525	1.684	1.954	4.001
Total	904.345	368.967	118.640	99.594	317.143

(1) en medias anuais
Fonte: IGE

2.

paro rexistrado, ofertas e demandas de emprego, colocacións rexistradas ou número de contratos de traballo rexistrados. Destes datos tírase un aumento dun 0,8% na demanda de emprego rexistrada, así como un crecemento dun 0,4% das colocacións respecto ó ano 2000. Hai que salientar que do total das colocacións, o 68,9% correspondeu a persoas cun nivel primario de estudos e só unha mínima parte foi a persoas sen formación de ningún tipo.

Atendendo ós diferentes tipos de contratos, dos 710.258 contratos rexistrados, 685.716 corresponderon a contratos iniciais e 24.542 contratos a conversións de contratos temporais en indefinidos. A contratación indefinida inicial descende en termos porcentuais (12,1%) fronte ó importante crecemento das conversións de contratos temporais en indefinidos (nun 134,1%). A contratación temporal rexistra no ano 2001 unha medra do 1,3% respecto ó ano anterior. Do conxunto global de contratos, o 80% correspondeu a contratos por obra ou servizos, contratos eventuais segundo as circunstancias da produción ou contratos a tempo parcial.

O derradeiro bloque deste capítulo está dedicado á análise das condicións de traballo, e estrutúrase en dous grandes apartados nos

que se presentan os datos da sinistralidade laboral e cuestións relacionadas coas relacións laborais como a negociación colectiva, a regulación do emprego, a conflictividade laboral ou os custos laborais.

Datos da Seguridade Social

No ano 2001 o número medio de traballadores afiliados en alta laboral ascendeu en Galicia a 904.348 persoas, un 2,8% máis (24.257 traballadores) que no ano anterior. Xunto a este aumento do número de afiliados en alta hai que salienta-lo descenso do número de traballadores en alta no réxime especial agrario (4.205 de traballadores menos), así como a caída de traballadores en alta no réxime especial do Mar, con 537 de persoas menos.

O réxime xeral e da minería do carbón acolle a meirande parte dos traballadores afiliados en Galicia á Seguridade Social no ano 2001, con 624.974 persoas (o 69,1% do total de afiliados). Comparado co ano anterior, o número de afiliados neste réxime medrou un 4,5% (26.729 miles de afiliados máis), 2,4 puntos superior ó experimentado pola poboación asalariada no mesmo período.

As catro provincias galegas presentan

CADRO 2.2.2.

Traballadores afiliados á Seguridade Social 2000-01: distribución segundo ramas da CNAE-93

	media 2000		media 2001	
	(número)	(% / total)	(número)	(% / total)
Sector primario	109.516	12,4	105.668	11,7
Actividades agrícolas	80.103	9,1	76.440	8,5
Pesca	29.413	3,3	29.228	3,2
Industria	158.653	18,0	163.522	18,1
Minería enerxética	271	0,0	244	0,0
Minería non enerxética	6.242	0,7	6.439	0,7
Alimentación	24.183	2,7	25.094	2,8
Téxtil, confección e coiro	20.930	2,4	21.894	2,4
Madeira	13.386	1,5	13.485	1,5
Papel e edición	6.611	0,8	7.010	0,8
Refinado do petróleo	580	0,1	582	0,1
Química	3.639	0,4	3.603	0,4
Caucho e plástico	3.265	0,4	3.385	0,4
Productos minerais non metálicos	12.021	1,4	12.291	1,4
Metalurxia e produtos metálicos	18.452	2,1	19.553	2,2
Maquinaria	5.035	0,6	5.149	0,6
Material eléctrico e óptico	7.206	0,8	6.992	0,8
Material de transporte	25.232	2,9	26.212	2,9
Fabricación de mobles	6.397	0,7	6.505	0,7
Reciclaxe	324	0,0	391	0,0
Electricidade, gas, auga	4.879	0,6	4.693	0,5
Construcción	103.462	11,8	108.809	12,0
Servicios	508.460	57,8	526.349	58,2
Venda e reparación vehículos, gasoleiras	24.279	2,8	24.641	2,7
Comercio	138.748	15,8	142.467	15,8
Hostalería	50.872	5,8	52.403	5,8
Transporte e viaxes	38.728	4,4	39.799	4,4
Correos, banca, e outros servicios	86.224	9,8	90.933	10,1
Administración, educación, sanidade e outros	123.881	14,1	129.186	14,3
Fogares e outros	45.728	5,2	46.920	5,2
Total	880.091	100	904.348	100

Fonte: IGE

un aumento no seu número de afiliacións, sendo a provincia de A Coruña a que rexistra o maior crecemento no número de afiliados, con 12.309 afiliados máis no ano 2001. A medra rexistrada en Pontevedra foi de 9.959 afiliados máis que en 2000, namentres que os aumentos de Ourense e Lugo superaron lixeiramente as 2.200 afiliacións máis que no ano anterior.

O **cadro 2.2.2.** reflicte a desagregación do número total de afiliacións en alta laboral por sectores e ramas de actividade. O sector servicios, con 526.349 afiliados, acolle o 58,2% dos traballadores afiliados en alta laboral, (17.889 afiliacións máis que no ano anterior), seguido do sector industrial, con 163.522 afiliados (4.869 máis que en 2000), que representan o 18,1% das afiliacións en Galicia. O sector da construción, 108.809 afiliacións, foi o que experimentou en termos relativos un maior crecemento ó aumentar un

5,2% respecto ó ano anterior (5.347 afiliados máis).

O sector primario foi o único que presentou un descenso no número de afiliados en alta laboral, acadando no ano 2001 os 105.668 afiliados, 3.848 menos que en 2000 (un 3,5% menos). Atendendo á evolución das afiliacións nas distintas ramas de actividade, este descenso ven explicado, a diferenza do acontecido no ano 2000, pola caída das afiliacións tanto na agricultura, gandería, caza e silvicultura, como na pesca.

O peso relativo das ramas agrícolas no total galego no ano 2001 foi do 8,5% fronte ó 9,1% do ano anterior, mentres que no caso da rama pesqueira, esta porcentaxe foi do 3,2% fronte ó 3,3% do ano anterior.

No caso das ramas industriais, hai que salienta-la importancia relativa dos subsector

Mercado de traballo 2001: distribución segundo sexo e nivel de estudos terminados

	Poboación activa	Poboación ocupada	Poboación parada	Taxa de paro	Taxa de actividade
	(en miles de persoas)			(%)	
Total	1.146,1	987,5	158,8	13,8	49,2
Analfabetos	2,6	2,4	0,2	8,7	4,6
Estudios primarios	356,8	317,1	39,7	11,1	33,1
Educación secundaria. Primeira etapa (1)	339,2	292,3	46,9	13,8	65,6
Educación secundaria. Segunda etapa (2)	180,5	148,7	31,8	17,6	53,8
Educación superior (3)	267,0	227,0	40,1	15,0	78,4
Homes	654,5	588,1	66,3	10,1	59,5
Analfabetos	0,6	0,5	0,1	13,6	4,1
Estudios primarios	209,0	187,9	21,1	10,1	43,4
Educación secundaria. Primeira etapa (1)	216,0	193,8	22,2	10,3	76,5
Educación secundaria. Segunda etapa (2)	94,7	83,7	11,0	11,6	59,5
Educación superior (3)	134,2	122,2	12,0	8,9	81,5
Mulleres	491,6	399,3	92,4	18,8	40,0
Analfabetos	2,0	1,9	0,2	7,4	4,7
Estudios primarios	147,8	129,2	18,6	12,6	24,7
Educación secundaria. Primeira etapa (1)	123,2	98,5	24,8	20,1	52,4
Educación secundaria. Segunda etapa (2)	85,8	65,0	20,8	24,2	48,6
Educación superior (3)	132,8	104,7	28,1	21,1	75,5

(1) Inclúe a formación e inserción laboral correspondente.

(2) Inclúe a formación e inserción laboral correspondente con ou sen título de estudos secundarios de 2ª etapa.

(3) Inclúe as ensinanzas de grao superior, as ensinanzas universitarias de primeiro, segundo e terceiro ciclos e os estudos oficiais de de primeiro, segundo e terceiro ciclos e os estudos oficiais de especialización profesional.

Fonte : Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE, Encuesta de Población Activa

res de material de transporte e o de alimentación, que representan o 2,9% e o 2,8%, respectivamente, do total de afiliacións de Galicia. No sector servicios, o subsector comercio acolle o 15,8% e o da administración, educación, sanidade e outros, o 14,3%.

soas con estudos superiores. No caso dos homes, estas porcentaxes son do 31,9%, 47,5% e 20,6%, mentres que no caso das mulleres, as porcentaxes son do 30,1%, 42,1% e 27,0%, respectivamente.

• **Taxa de actividade**

Tendo en conta a evolución da poboación maior de 16 anos e da poboación activa, o devandito **cadro C.2.3.** reflicte que a taxa de actividade de Galicia descendeu ó longo do ano 2000 pasando do 49,77% do ano 2000 ata o 49,18% do 2001. Este descenso rexístrase tanto no caso dos homes como no das mulleres tanto no caso dos homes como no das mulleres, pasando no primeiro caso de 60,33% de 2000 ós 59,44% do 2001, e no caso das mulleres dende o 40,22% ata o 40,00% do 2001. A pesares do presentar a taxa de actividade feminina un menor descenso que á dos homes, segue existindo unha diferenza en torno ós 20 puntos entre ambas dúas.

Atendendo á desagregación por grupos de idades, o **cadro 2.2.4.** amosa que no ano 2001 a caída da taxa de actividade galega

Datos EPA

A poboación maior de 16 anos medrou en Galicia no ano 2001 un 0,2% (3,8 miles de persoas) respecto ó ano anterior, acadando as 2.330,2 miles de persoas. Atendendo á distribución segundo sexo, o **cadro C.2.3.** (*Principais datos do mercado de traballo 2000-01*) amosa que a poboación maior de 16 anos medra en 3,8 miles de persoas no caso das mulleres, fronte ó descenso de 4,1 miles de persoas no caso dos homes.

A evolución da poboación activa no ano 2001 amosa tamén un resultado negativo, ó rexistrar un descenso da mesma de 11,9 miles de persoas, un 1,0%. O **cadro 2.2.3.** reflicte que das 1.146,1 persoas activas, o 31,1% corresponde a persoas con estudos primarios, o 45,4% a persoas con educación secundaria (primeira e segunda etapa) e un 23,3% a per-



Taxas de actividade 2000-01

	2000	2001	01/00 (%)
Homes			
16-19	28,26	24,15	-4,1
20-24	60,31	62,26	2,0
25-54	90,88	89,73	-1,1
55 e máis	23,38	24,85	1,5
Total	60,33	59,44	-0,9
Mulleres			
16-19	13,01	13,58	0,6
20-24	51,24	46,78	-4,5
25-54	66,73	67,28	0,6
55 e máis	13,78	14,33	0,5
Total	40,22	40,00	-0,2
Ambolos dous sexos			
16-19	20,46	19,01	-1,5
20-24	55,94	54,53	-1,4
25-54	78,82	78,46	-0,4
55 e máis	17,93	18,87	0,9
Total	49,77	49,18	-0,6

Fonte: INE, Encuesta de Población Activa

rexístrase en tódolos grupos de idades, agás no de 55 anos e máis. Non caso dos homes, o descenso da taxa de actividade prodúcese nos grupos de persoas de idades comprendidas entre os 16 e 19 anos e entre 25 e 54 anos, e no caso das mulleres, a taxa de actividade cae tan só no grupo de idades comprendidas entre os 20 e 24 anos.

A taxa de actividade máis elevada rexístrase no caso das persoas con estudos superiores (ensinanzas de grao superior, ensinanzas universitarias de primeiro, segundo e terceiro ciclos e os estudos oficiais de especialización profesional), co 78,4% no ano 2001, seguido do grupo de persoas con “educación secundaria, primeira etapa” (inclúe a formación e inserción laboral correspondente), co 65,6%. No caso das persoas analfabetas e con estudos primarios, as taxas de actividade son do 4,6% e do 33,1%, respectivamente.

• Poboación ocupada

Os datos da EPA amosan que o ano 2001 racha a tendencia dos últimos anos, ó permanecer practicamente constante a media anual da poboación ocupada (987,4 miles de persoas, fronte ás 986,6 miles de ocupados do ano anterior). En termos absolutos, a poboación

ocupada aumenta en 800 novas ocupacións, o que representa un 0,1% máis que no ano anterior.

Atendendo á desagregación por sexos, o **cadro 2.2.5.** amosa que as mulleres representan o 40,4% dos ocupados galegos, fronte ó 39,5% do ano anterior. O devandito cadro reflicte o aumento do 2,5% no número de mulleres ocupadas (9,7 miles de persoas) fronte ó descenso do 1,5% (8,9 miles de persoas) no caso dos homes.

Dende o punto de vista da súa distribución segundo os grupos de idade, cómpre salientar que a poboación ocupada aumenta basicamente no caso dos ocupados de 55 e máis anos (14,9 miles de ocupados máis), xa que o número de ocupados de idades comprendidas entre 16 a 19 anos e 25 a 54 anos descende en 2,4 e 11,8 miles de persoas. Cómpre salientar que no caso das mulleres o incremento rexístrase nos diferentes grupos de idade, en tanto que no caso dos homes, esta medra rexístrase tan só no caso da poboación de 55 e máis anos.

O **cadro 2.2.6.** reflicte a distribución sectorial da poboación ocupada, onde, a diferenza do acontecido no ano anterior, a pobo-

2.

Poboación ocupada 2000-01: distribución segundo sexo e grupos de idade

	2000	2001	01/00
	(en miles de persoas)		(%)
Homes			
16-19	14,2	11,5	-18,9
20-24	55,0	54,6	-0,7
25-54	446,2	431,0	-3,4
55-e máis	81,8	91,1	11,4
Total	597,1	588,2	-1,5
Mulleres			
16-19	5,2	5,4	4,8
20-24	31,5	32,0	1,7
25-54	287,4	290,7	1,2
55-e máis	65,6	71,1	8,4
Total	389,5	399,2	2,5
Ambolos dous sexos			
16-19	19,3	16,9	-12,4
20-24	86,5	86,6	0,1
25-54	733,5	721,7	-1,6
55-e máis	147,3	162,2	10,1
Total	986,6	987,4	0,1

Fonte: IGE, Enquisa de Poboación Activa

2.

ación ocupada no sector primario retoma a súa tendencia á destrución de emprego, cunha caída do 12,4% no ano 2001 (22,0 miles de persoas ocupadas menos). Pola contra, os sectores non primarios experimentaron un crecemento da poboación ocupada do 2,8% (22,8 miles de ocupados máis).

A caída do emprego no sector primario ven explicada tanto polo comportamento do sector agrícola, que rexistra unha caída do 13,2% (18,7 miles de persoas), como pola evolución da ocupación na pesca, que descende un 9,2% (3,3 miles de persoas).

No que ós sectores non primarios se refire, a industria toma o relevo do sector da construción como o sector máis dinámico en termos de creación de emprego, cunha medra na súa ocupación de 14,1 miles de persoas no ano 2001 (un 8,1%). O sector servicios experimentou un crecemento de 7,0 miles de ocupados (1,3% respecto ó ano 2000), mentres que o sector da construción rexistra un incremento de 1,7 miles de empregos (un 1,5% máis).

En termos absolutos, o sector servicios segue sendo o principal sector en volume de ocupación, co 53,1% de ocupados (524,3

miles de persoas), mentres que a industria acolle o 19,2% (189,8 miles), e o sector primario e a construción o 15,7% (155,1 miles de persoas) e 12% (118,3 miles de ocupados), respectivamente.

Nunha análise provincial, a diferenza do acontecido en 2000, cando a ocupación medrara en tódalas provincias, a poboación ocupada medra tan só en A Coruña e Ourense. O incremento máis acusado é o de A Coruña, con 2,7 miles de persoas máis, mentres que Lugo rexistra a maior caída, con 2,4 miles de ocupados. As provincias de A Coruña e Pontevedra acollen o 74% da poboación ocupada de Galicia, 2 décimas máis que no ano 2000.

A evolución ó longo do ano non foi homoxénea e fronte ó crecemento da poboación ocupada no primeiro trimestre do ano 2001, esta descende nos outros tres trimestres. Os sectores industrial e servicios presentan un crecemento ó longo dos catro trimestres, salientando o sector industrial con crecements superiores ó 6%. O sector da construción, despois da perda da ocupación nos tres primeiros trimestres, rexistra unha medra da mesma do 8,6%. Pola contra, os sectores primarios rexistran unha caída da ocupación

CADRO 2.2.6.

Poboación ocupada 2000-01: distribución segundo sectores económicos

	2000			2001			01/00		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
	(en miles de persoas)						(%)		
A Coruña	241,2	152,1	393,4	238,4	157,9	396,1	-1,2	3,8	0,7
Agricultura	16,9	25,0	41,9	15,1	19,1	34,1	-11,1	-23,4	-18,7
Pesca	12,8	3,2	15,9	10,9	2,7	13,6	-14,3	-15,9	-14,5
Industria	48,3	22,2	70,5	49,4	25,7	75,1	2,3	15,7	6,5
Construcción	44,2	1,8	46,0	49,9	2,4	52,2	12,8	31,9	13,5
Servicios	119,0	100,1	219,1	113,1	108,1	221,1	-5,0	8,1	0,9
Lugo	82,6	57,5	140,1	79,3	58,5	137,7	-4,0	1,7	-1,7
Agricultura	27,2	25,7	52,9	24,6	22,3	46,8	-9,7	-13,2	-11,5
Pesca	3,0	0,6	3,6	1,9	0,3	2,2	-36,7	-45,8	-38,9
Industria	10,4	2,9	13,3	13,1	3,4	16,5	25,8	18,1	24,5
Construcción	11,6	0,6	12,1	10,6	0,4	11,0	-8,2	-34,8	-9,3
Servicios	30,4	27,8	58,2	29,2	32,1	61,2	-4,1	15,5	5,2
Ourense	70,5	47,4	118,0	72,7	46,4	119,1	3,1	-2,2	1,0
Agricultura	8,9	10,2	19,2	7,6	9,7	17,1	-15,4	-5,6	-10,7
Pesca	15,1	5,0	20,1	17,8	4,8	22,6	18,1	-3,0	12,7
Industria	14,3	0,5	14,7	15,0	0,8	15,8	5,1	72,2	7,5
Construcción	32,3	31,8	64,0	32,4	31,1	63,6	0,2	-2,1	-0,7
Servicios	202,8	132,5	335,2	197,8	136,5	334,5	-2,5	3,0	-0,2
Pontevedra	7,7	19,5	27,2	8,0	16,3	24,4	4,6	-16,4	-10,3
Agricultura	12,8	3,7	16,5	13,2	3,6	16,9	3,1	-0,7	2,6
Pesca	54,0	17,7	71,6	55,5	19,9	75,6	2,8	12,6	5,5
Industria	41,8	2,0	43,8	37,5	1,9	39,3	-10,3	-5,0	-10,3
Construcción	86,6	89,5	176,1	83,7	94,7	178,3	-3,4	5,8	1,2
Servicios	597,1	389,5	986,6	588,2	399,2	987,5	-1,5	2,5	0,1
Total	60,7	80,4	141,1	55,2	67,4	122,4	-9,1	-16,2	-13,3
Agricultura	28,6	7,4	36,0	26,1	6,6	32,7	-9,0	-10,2	-9,1
Pesca	127,7	47,8	175,5	135,7	53,9	189,8	6,3	12,7	8,2
Industria	111,8	4,8	116,6	112,9	5,4	118,3	1,0	12,4	1,4
Construcción	268,3	249,1	517,4	258,3	266,0	524,3	-3,7	6,8	1,3
Servicios									

Fonte: IGE, Enquisa de Poboación Activa

ó longo de todo o ano, salientando os descensos rexistrados no sector agrícola no segundo semestre do ano (19,0% e 17%).

Atendendo á distribución por sexos, tan só o sector industrial presenta un crecemento continuo tanto no homes como nas mulleres. Neste último caso, a poboación ocupada na construción e servizos medra nos catro trimestres.

Atendendo á poboación ocupada e á súa diferenciación por sexos, a poboación ocupada feminina experimentou unha medra de 9,8 miles de persoas fronte ó descenso de 9,0 miles de ocupados no caso dos homes. Este feito débese fundamentalmente ó distinto comportamento no sector servizos, onde a poboación ocupada feminina medra en 16,9 miles de persoas fronte ó descenso dunhas dez mil persoas no caso dos homes. No sector primario, o descenso da poboación feminina foi de 13,9 miles de ocupadas, mentres que no caso dos homes esta caída foi de 8,0 miles de persoas.

En termos relativos, o seu peso incrementábase ata o 40,4% da poboación ocupada total fronte ó 39,5% do ano anterior. Comparado co ano anterior, aumenta o peso relativo da ocupación feminina no total de ocupación nos diferentes sectores non primarios, mentres que descende nos primarios. Cómpre salientar, dunha banda, o aumento da importancia relativa no sector servizos, que pasa dun 48,1% a un 50,7% no ano 2001, e por outra, o descenso do peso relativo da muller na agricultura, que supón o 54,9% no ano 2001 fronte ó 57% no ano anterior.

Segundo a situación profesional dos ocupados, o 69,6% do total da poboación ocupada correspondeu ós asalariados (686,9 miles de persoas), que aumentaron un 2,1% respecto ó ano 2000 cando a súa importancia relativa era do 68,2% da poboación ocupada. O maior número de asalariados concéntrase na provincia de A Coruña, con 288,1 miles de asalariados (o 3,9% máis que no ano ante-

rior), o que representa o 72,7% da poboación ocupada da provincia e o 41,9% da poboación asalariada galega. Pontevedra, cun crecemento do 0,4%, acada os 248,3 miles de persoas (o 74,3% da poboación ocupada da provincia e o 36,1% da poboación asalariada galega).

O número de empresarios, con e sen asalariados, descendeu un 2% (5,1 miles de persoas) no ano 2001 respecto ó ano 2000 co que descende o seu peso relativo no total da poboación ocupada galega, pasando do 25,9% de 2000 a 25,3% do ano 2001. Atendendo á súa distribución provincial, a provincia de Pontevedra é a única que experimenta unha medra da poboación empresarial, pasando o número de empresarios de 77,3 miles de persoas no ano a 77,7 empresarios no ano 2000 (un 0,5% máis). Asemade, o **cadro 2.2.8.** reflicte que A Coruña é a provincia con maior número de empresarios, con 92,0 miles de persoas, e tamén a que experimentou unha maior caída respecto ó ano anterior, cun descenso do 5,5% (5,4 miles de empresarios menos).

O número de empresarios sen asalariados ascendeu a 191,1 miles de persoas, 6,8 miles de empresarios menos, que representan o 19,3% da ocupación galega total e o 76,4% da poboación ocupada empresarial. As provincias de Pontevedra e Lugo son as que presenta unha medra no número de empresarios, sendo A Coruña a provincia cun maior número de empresarios, con 68,9 miles de empresarios sen asalariados (o 36% dos empresarios sen asalariados de Galicia).

Respecto ó número de empresarios con asalariados, este medrou no ano 2001 un 2,9% ata chegar ós 59,0 miles de persoas, o que representa o 6% da poboación ocupada galega. Comparado co ano anterior, o número de empresarios con asalariados medra nas provincias de A Coruña e Ourense (1,4 e 1,0 miles de persoas) mentres que nas provincias de Lugo e Pontevedra o descenso rexistrado foi de 0,6 e 0,3 miles de persoas.

O número de axudas familiares des-

CADRO 2.2.7.

Poboación ocupada por sexo e sectores económicos. Trimestres 2001

	Total				Homes				Mulleres			
	I	II	III	IV	I	II	III	IV	I	II	III	IV
(en miles de persoas)												
A Coruña	389,9	394,3	401,6	399,3	235,0	238,0	238,4	242,0	154,9	156,3	163,2	157,3
Agricultura	37,7	36,3	30,9	31,7	16,5	16,3	14,0	13,4	21,2	20,0	16,9	18,3
Pesca	15,1	13,6	14,5	11,1	11,9	10,9	11,7	9,2	3,2	2,7	2,8	1,9
Industria	71,1	76,1	76,3	76,8	49,0	51,6	49,0	48,0	22,1	24,5	27,3	28,8
Construción	46,0	49,6	54,6	58,7	44,0	47,1	52,0	56,3	2,0	2,5	2,6	2,4
Servicios	220,0	218,7	225,3	221,0	113,6	112,1	111,7	115,1	106,4	106,6	113,6	105,9
Lugo	142,3	138,5	138,1	132,1	81,4	79,5	80,0	76,2	60,9	59,0	58,1	55,9
Agricultura	51,9	47,6	45,6	42,2	27,0	24,0	24,5	22,7	24,9	23,6	21,1	19,5
Pesca	3,3	1,8	1,8	2,0	2,8	1,6	1,6	1,6	0,5	0,2	0,2	0,4
Industria	17,3	16,3	17,5	14,8	13,8	13,4	13,9	11,1	3,5	2,9	3,6	3,7
Construción	9,5	9,9	10,8	13,8	9,0	9,7	10,5	13,3	0,5	0,2	0,3	0,5
Servicios	60,3	62,9	62,4	59,3	28,8	30,8	29,5	27,5	31,5	32,1	32,9	31,8
Ourense	115,0	117,6	123,3	120,3	70,1	72,6	75,5	72,6	44,9	45,0	47,8	47,7
Agricultura	17,7	17,6	16,5	17,0	7,4	7,7	7,4	7,7	10,3	9,9	9,1	9,3
Pesca	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Industria	19,8	22,1	24,4	24,2	15,4	17,7	19,2	18,9	4,4	4,4	5,2	5,3
Construción	15,9	15,2	15,6	16,3	15,1	14,6	14,8	13,4	0,8	0,6	0,8	0,9
Servicios	61,6	62,7	66,8	62,8	32,2	32,6	34,1	30,6	29,4	30,1	32,7	32,2
Pontevedra	331,7	335,3	336,8	333,4	198,5	199,9	196,5	196,4	133,2	135,4	140,3	137,0
Agricultura	26,6	24,1	23,6	23,1	8,0	8,2	7,7	8,2	18,6	15,9	15,9	14,9
Pesca	17,3	17,8	16,6	15,7	13,6	13,3	13,6	12,4	3,7	4,5	3,0	3,3
Industria	74,9	73,2	77,3	76,2	55,5	54,9	56,0	55,5	19,4	18,3	21,3	20,7
Construción	39,0	42,9	37,5	38,0	37,4	41,0	36,9	35,5	1,6	1,9	1,6	2,5
Servicios	173,9	177,3	181,8	180,4	84,0	82,5	83,3	84,8	89,9	94,8	98,5	95,6
Total	978,9	985,7	999,8	985,1	585,0	590,0	590,4	587,2	393,9	395,7	409,4	397,9
Agricultura	133,9	125,6	116,6	114,0	58,9	56,2	53,6	52,0	75,0	69,4	63,0	62,0
Pesca	35,7	32,2	32,9	28,8	28,3	25,8	26,9	23,2	7,4	7,4	6,0	5,6
Industria	183,1	187,7	195,5	192,0	133,7	137,6	138,1	133,5	49,4	50,1	57,4	58,5
Construción	110,4	117,6	118,5	128,8	105,5	112,4	113,2	120,5	4,9	5,2	5,3	6,3
Servicios	515,8	521,6	536,3	523,5	258,6	268,0	268,6	258,0	257,2	263,6	277,7	265,5

Fonte: IGE

CADRO 2.2.8.

(1) en outros inclúense os membros de cooperativas
Fonte: IGE, Enquisa de Poboación Activa

CADRO 2.2.9.

Poboación ocupada 2001: distribución segundo nivel de estudos

	2001	I	II	III	IV
		(en miles de persoas)			
A Coruña	396,2	389,6	394,3	401,5	399,3
Analfabetos	0,7	0,6	0,6	0,9	0,6
Estudios primarios	101,5	95,3	107,0	98,9	104,9
Educación secundaria. Primeira etapa (1)	140,7	150,2	136,0	141,6	135,0
Educación secundaria. Segunda etapa (2)	59,1	55,2	59,0	63,4	58,8
Educación superior (3)	94,2	88,3	91,7	96,7	100,0
Lugo	137,8	142,4	138,5	138,3	132,0
Analfabetos	0,6	1,3	0,6	0,3	0,0
Estudios primarios	64,0	65,1	64,7	65,7	60,3
Educación secundaria. Primeira etapa (1)	27,3	30,0	27,8	24,7	26,6
Educación secundaria. Segunda etapa (2)	18,4	17,5	17,7	19,1	19,3
Educación superior (3)	27,6	28,5	27,7	28,5	25,8
Ourense	119,1	115,1	117,6	123,3	120,4
Analfabetos	0,3	0,5	0,2	0,2	0,2
Estudios primarios	47,1	45,5	45,0	50,0	47,7
Educación secundaria. Primeira etapa (1)	23,2	21,8	24,0	23,1	23,8
Educación secundaria. Segunda etapa (2)	23,0	23,9	23,2	23,6	21,4
Educación superior (3)	25,6	23,4	25,2	26,4	27,3
Pontevedra	334,3	331,8	335,2	336,8	333,5
Analfabetos	0,9	1,1	0,9	0,9	0,5
Estudios primarios	104,6	103,3	107,0	107,7	100,2
Educación secundaria. Primeira etapa (1)	101,1	105,1	101,4	98,6	99,3
Educación secundaria. Segunda etapa (2)	48,2	46,1	46,9	49,9	50,0
Educación superior (3)	79,6	76,2	79,0	79,7	83,5
Total	987,4	978,9	985,6	999,9	985,2
Analfabetos	2,4	3,5	2,3	2,3	1,3
Estudios primarios	317,1	309,2	323,7	322,3	313,1
Educación secundaria. Primeira etapa (1)	292,3	307,1	289,2	288,0	284,7
Educación secundaria. Segunda etapa (2)	148,8	142,7	146,8	156,0	149,5
Educación superior (3)	227,0	216,4	223,6	231,3	236,6

(1) Inclúe a formación e inserción laboral correspondente.

(2) Inclúe a formación e inserción laboral correspondente con ou sen título de estudos secundarios de 2ª etapa.

(3) Inclúe as ensinanzas de grao superior, as ensinanzas universitarias de primeiro, segundo e terceiro ciclos e os estudos oficiais de especialización profesional.

Fonte: IGE, Enquisa de Poboación Activa

2.

cenceu no ano 2001 en 5,2 miles de persoas, acadando as 46,0 miles de persoas. A diferenza do acontecido no ano anterior, cómpre salientar que as axudas familiares descenden en tódalas provincias galegas. Asemade, o devandito **cadro 2.2.7.** reflicte que as axudas familiares tan só medran no caso dos homes na provincia de Ourense (0,3 miles de persoas).

Atendendo á análise da poboación ocupada por situación profesional e a súa diferenciación por sexos, **cadro 2.2.8.**, cómpre salientalo incremento de mulleres asalariadas en 19,7 miles de persoas (un 8,0%), que compensa a caída de 5,5 miles de asalariados no caso dos homes (1,3%). Asemade, o devandito cadro amosa, tanto para o caso dos homes como no das mulleres, o incremento dos número de empresario con asalariados, e o descenso dos empresarios con asalariados e das axudas familiares.

En termos relativos, a importancia relativa das axudas familiares no caso das mulleres permanece por riba do 69% no ano 2001, rexistrándose unha medra do peso relativo das mulleres asalariadas que acada o 38,5% do total de asalariados galegos fronte ó 36,4% do ano anterior. No caso das mulleres empresarias, as empresarias con asalariados representan no ano 2001 o 21% do total de empresarios con asalariados (o 20,6% no ano anterior), e o de empresarias sen asalariados o 46,2% fronte ó 47,1% do ano anterior.

Finalmente, o **cadro 2.2.9.** reflicte a relación existente entre a poboación ocupada e o seu nivel de estudos terminados. No ano 2001, o 32,1% dos ocupados (317,1 miles de persoas) corresponden a persoas cun nivel de estudos primarios, e un 29,6% (292,3 miles de ocupados) a persoas con educación secundaria (primeira etapa). O número de ocupados con educación superior ascende a 227,0 miles

de persoas (o 23% da poboación ocupada total).

Atendendo á distribución provincial, cómpre salienta-lo peso relativo da poboación ocupada con estudos primarios nas provincias de Lugo e Ourense, que representa o 46,5% e o 39,5% da poboación ocupadas en cada unha das provincias. Pola contra, na provincia de A Coruña, o nivel de estudos que acolle o maior número de poboación ocupada é o de educación secundaria (primeira etapa), co 35,5% da poboación ocupada coruñesa.

• *Poboación parada*

A poboación parada estimada pola EPA continuou coa tendencia descendente, presentando no ano 2001 unha caída do 7,3% respecto ó ano anterior, para acada-los 158,9 miles de persoas (12,5 miles de parados menos), das que o 58,1% son mulleres (o 59,4% no ano anterior). Este descenso rexístrase nas catro provincias, sendo os máis acusados os de Ourense e A Coruña, con 5,3 e 4,0 miles de desempregados menos.

A diminución da poboación parada prodúcese entre as persoas que están á procura do seu primeiro emprego e das persoas catalogadas como non clasificables. No primeiro caso, a poboación parada descende un 18,7% (8,4 miles de persoas menos) para acada-los 36,6 miles de parados, sendo o seu peso relativo no total da poboación parada de 23% fronte ó 26,3% do ano anterior. Atendendo á súa distribución provincial, este descenso prodúcese en tódalas provincias agás en Lugo, salientando a provincia de Pontevedra, con 3,7 miles de parados en busca do seu primeiro emprego menos, e A Coruña, con 3,0 miles de parados menos.

No caso dos “non clasificables”, o **cadro 2.2.10.** amosa que o 20,3% da poboación parada, 32,3 miles de persoas (33,0 miles no ano anterior), está englobado nesta categoría. Este descenso rexístrase en tódalas provincias agás en A Coruña, onde se produ-

ce unha medra dos “non clasificables”, que pasa dos 11,0 miles de parados de 2000 ós 13,8 miles do ano 2001.

Considerando os distintos sectores económicos, a poboación parada descende en todos eles. No caso da agricultura e pesca, este descenso prodúcese tanto no caso dos homes como das mulleres, en tanto que no caso dos sectores da industria e construción e no dos servicios, este descenso rexístrase só no caso dos homes. No caso concreto do sector primario, a poboación parada acada os 4,1 miles de parados (1,8 miles de parados menos que no ano anterior), o que representa o 2,6% da poboación parada galega. Comparado co ano anterior, hai que salientar que esta descende nas catro provincias galegas, rexistrándose esta mesma evolución no caso das mulleres. No caso dos homes, o **cadro 2.2.10.** reflicte un aumento da poboación parada na provincia de Pontevedra.

A poboación desempregada nos sectores industriais acada os 31,3 miles de persoas, 1,0 miles de persoas menos que en 2000, o que implica o 19,7% do paro galego. Atendendo á evolución seguida nas diferentes provincias, o **cadro 2.2.10.** reflicte que a poboación parada aumenta nas provincias de Lugo (11,5%) e de Pontevedra (16,4%), en tanto que descende na provincia de A Coruña (12,9% menos) e Ourense (33,7%).

No sector servicios o paro afecta a 54,7 miles de persoas, un 1% inferior ó rexistrado o ano anterior, o que indica que o seu peso relativo no total da poboación parada ascendeu ó 34,4% (32,2% no ano 2000). Este descenso no número de desempregados non se produce en tódalas provincias, presentando as provincias de Pontevedra e Lugo unha medra na poboación parada neste sector respecto ó ano anterior.

O **cadro C.2.6.** (*Poboación parada 2000-01: distribución segundo o tempo de procura de emprego*) amosa que o paro de longa duración en Galicia afecta ó 50,2% da poboación

CADRO 2.2.10.

Poboación para 2000-01: distribución segundo sectores económicos

	2000			2001			01/00		
	Homes	Mulleres	Total (en miles de persoas)	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres (%)	Total
A Coruña	30,4	36,4	66,7	28,5	34,2	62,7	-6,1	-6,0	-6,0
Agricultura e Pesca	1,1	0,3	1,4	0,8	0,2	0,9	-31,8	-50,0	-35,7
Industria e Construción	11,0	2,9	13,8	8,4	3,7	12,0	-24,1	26,7	-12,9
Servicios	8,6	12,9	21,5	7,5	12,5	20,0	-13,1	-3,5	-7,3
Que buscan 1º emprego	5,7	13,3	19,0	6,0	10,0	16,0	5,8	-24,8	-15,6
Non clasificables	4,1	6,9	11,0	6,0	7,9	13,8	46,6	14,2	26,0
Lugo	7,5	11,0	18,5	7,4	9,7	17,1	-1,3	-12,0	-8,0
Agricultura e Pesca	0,9	0,1	1,0	0,7	-	0,7	-17,1	-100	-27,5
Industria e Construción	2,0	0,6	2,6	2,4	0,5	2,9	18,8	-16,0	11,5
Servicios	1,7	4,0	5,6	1,9	3,5	5,4	12,1	-10,8	-4,4
Que buscan 1º emprego	1,3	3,5	4,8	1,2	3,7	4,9	-13,2	8,0	2,6
Non clasificables	1,6	2,9	4,6	1,3	1,9	3,2	-21,9	-34,2	-31,0
Ourense	8,6	14,2	22,8	6,2	11,3	17,5	-27,6	-20,8	-23,4
Agricultura e Pesca	0,9	0,4	1,3	0,4	0,0	0,5	-54,1	-93,8	-65,4
Industria e Construción	2,9	1,5	4,3	1,7	1,2	2,9	-43,1	-17,2	-33,7
Servicios	2,3	4,6	6,8	1,9	4,9	6,8	-14,4	7,1	0,0
Que buscan 1º emprego	1,4	4,4	5,8	1,4	2,5	3,9	1,8	-43,7	-32,6
Non clasificables	1,1	3,5	4,6	0,8	2,7	3,5	-28,9	-23,0	-24,5
Pontevedra	23,2	40,2	63,3	24,4	37,3	61,7	5,4	-7,2	-2,5
Agricultura e Pesca	1,4	0,8	2,2	1,8	0,2	2,0	26,8	-75,0	-10,2
Industria e Construción	8,4	3,2	11,6	9,3	4,2	13,5	11,0	31,5	16,4
Servicios	6,7	14,5	21,2	7,1	15,4	22,5	6,0	6,4	6,1
Que buscan 1º emprego	3,3	12,2	15,6	3,0	8,9	11,9	-9,0	-27,6	-23,6
Non clasificables	3,4	9,5	12,8	3,2	8,7	11,9	-5,9	-8,4	-7,6
Total	69,6	101,8	171,4	66,5	92,4	158,9	-4,5	-9,2	-7,3
Agricultura e Pesca	4,3	1,6	5,9	3,7	0,4	4,1	-15,0	-76,2	-31,4
Industria e Construción	24,2	8,1	32,3	21,7	9,6	31,3	-10,3	18,6	-3,2
Servicios	19,2	36,0	55,2	18,4	36,3	54,7	-4,4	0,8	-1,0
Que buscan 1º emprego	11,7	33,3	45,0	11,6	25,1	36,6	-1,1	-24,8	-18,7
Non clasificables	10,2	22,8	33,0	11,2	21,1	32,3	9,5	-7,2	-2,0

Fonte: IGE, Enquisa de Poboación Activa

parada no ano 2001 (79,7 miles de persoas), das que dúas terceiras partes, 50,2 miles de persoas, son mulleres. Entre os parados de longa duración, o 32,6% das persoas paradas (51,7 miles de parados) levaban máis de dous anos en paro, e unha de cada catro persoas desempregadas (40,3 miles de persoas) non tivo ningún emprego nos últimos tres anos.

Comparado co ano anterior, hai que salienta-lo descenso da poboación parada de longa duración en 10,5 miles de persoas (un 11,7% menos), sendo o descenso máis acusado o que se produce no grupo de persoas paradas de máis de 3 anos, con 5,6 miles de parados menos (un 12,2% inferior), e no de persoas que levan entre 2 e 3 anos en paro, con 3,0 miles de parados menos (o 20,8% menos).

Atendendo á súa distribución por sexos, a poboación parada feminina de longa duración representa o 54,3% do paro feminino, porcentaxe que acada o 44,5% no caso dos homes. Asemade, xunto ó maior peso relativo do paro feminino de longa duración, hai que salientar que este medra a medida que aumenta o tempo de desemprego, de tal xeito que entre as persoas que levan en situación de paro entre un e dous anos, o 59,4% dos desempregados son mulleres, porcentaxe que ascende ó 59,6% e ó 66,7% no caso do período entre 2 a 3 anos e máis de tres anos, respectivamente.

Segundo o nivel de estudos da poboación parada, cómpre salientar que o maior número de parados atópase no grupo de persoas con educación secundaria (primeira etapa), con 46,9 miles de persoas (o 29,6%), seguido do grupo de persoas con educación superior, con 40,0 miles de parados (25,2%). Atendendo á desagregación por sexos, o **cadro 2.2.3.** reflicte que sete de cada 10 parados cunha formación encadrada no grupo de educación superior son mulleres, ascendendo esta relación ó 65,3% no caso da segunda etapa da educación secundaria, e ó 52,7% no caso da primeira etapa.

• Taxa de paro

A taxa de paro estimada pola EPA en Galicia no ano 2001 foi nove décimas inferior á estimada no ano anterior, acadando o valor de 13,9% fronte ós 14,8% do ano 2000. A diferenza entre as taxas de paro dos homes e das mulleres redúcese no ano 2001 en 1,6 puntos porcentuais, sendo de 10,1% no caso dos homes, e de 18,8% no das mulleres (10,4% e 20,7% no ano 2000).

Ó igual que acontecera no ano 2000, a taxa de paro descende en tódalas provincias galegas, salientando o descenso experimentado na provincia de Ourense, onde a taxa de desemprego pasa do 16,2% do ano 2000 ó 12,7% do ano 2001. Pontevedra é a provincia coa maior taxa de paro, con 15,6%, mentres que a menor rexístrase en Lugo, co 11,0%.

A taxa de paro feminina descende en tódalas provincias galegas, mentres que no caso dos homes, cómpre salientar que a taxa de paro rexistra unha medra nas provincias de Pontevedra e Lugo.

Atendendo á súa desagregación sectorial, o **cadro 2.2.11.** amosa que para o conxunto de Galicia a taxa de desemprego rexistra unha medra no caso do sector pesqueiro, pasando do 4,5% do ano 2000 ós 4,9% no ano 2001. O sector da construción é o que presenta a maior taxa de paro, co 10,4%, fronte ó 9,5% e 8,5% rexistrada no caso dos servizos e da industria. A agricultura é o sector económico coa menor taxa de paro co 1,9%.

A provincia de A Coruña é a única que presenta un descenso das taxas de paro en tódolos sectores económicos, mentres que na provincia de Pontevedra tan só descende a taxa de paro no sector agrícola. Nesta provincia, tódolos sectores económicos rexistran unha taxa de desemprego superior ós do conxunto de Galicia, en tanto que isto tan só acontece no caso do sector da construción en A Coruña, no sector industrial en Lugo, e na agricultura e nos servizos en Ourense.

Taxa de paro 2000-01: distribución segundo sectores económicos

	2000	2001
	(%)	
A Coruña	14,5	13,7
Agricultura	1,7	1,1
Pesca	4,2	4,1
Industria	8,8	6,7
Construcción	13,3	11,3
Servicios	9,0	8,3
Lugo	11,7	11,0
Agricultura	1,6	1,5
Pesca	3,5	2,3
Industria	10,2	9,0
Construcción	7,8	10,4
Servicios	8,8	8,1
Ourense	16,2	12,7
Agricultura	6,5	2,3
Pesca	-	-
Industria	11,5	7,3
Construcción	10,6	6,3
Servicios	9,6	9,7
Pontevedra	15,9	15,6
Agricultura	4,7	3,7
Pesca	5,0	5,6
Industria	8,3	10,4
Construcción	10,4	10,7
Servicios	10,8	11,2
Total	14,8	13,9
Agricultura	2,9	1,9
Pesca	4,5	4,9
Industria	9,0	8,5
Construcción	11,4	10,4
Servicios	9,7	9,5

Fonte: IGE, *Enquisa de Poboación Activa*

En relación ó nivel de estudos, as taxas de paro máis elevadas rexístranse no caso das persoas con niveis de estudos de educación secundaria, segunda etapa, e educación superior, con 17,6% e 15%, respectivamente. Cómpre salienta-la importante diferenza entre as taxas de paro masculina e feminina nos grupos de educación secundaria (primeira e segunda etapa) e educación superior, xa que a segunda duplica á primeira nos tres casos considerados.

Respecto á desagregación segundo grupos de idade, cómpre salientar, por unha banda, que as taxas descenden en tódolos grupos agás no caso das persoas entre 16 e 19 anos, onde se rexistra un lixeiro aumento (dúas décimas superior á do ano anterior). Neste grupo, a taxa de desemprego foi do 32,2%, sendo do 27,5% no caso das persoas entre 20 e 24 anos.

As taxas de desemprego femininas son

superiores ás rexistradas no caso dos homes en tódolos grupos de idade agás no caso das persoas e 55 e máis anos, con 5,8% e 8,3%, respectivamente. As diferenzas máis acusadas rexístranse no caso das persoas de 20 a 24 anos, con 17 puntos porcentuais de diferenza (37,2% e 20,2% no caso dos homes), e no caso das persoas comprendidas entre 25 e 54 anos, con dez puntos de diferenza (18,4% e 8,4%, respectivamente).

• **Poboación inactiva**

Respecto á evolución da poboación inactiva, cómpre salientar que no ano 2001, a diferenza do acontecido no ano anterior, rexístrase unha medra da poboación inactiva, aumentando un 1,6% respecto ó ano precedente. A poboación inactiva no ano 2001 acada os 1.181,5 miles de persoas, das que 737,5 miles de persoas (o 62,4% do total da poboación inactiva) son mulleres (**cadro C.2.3.: Principais datos do mercado de traballo 2000-01**).

Paro rexistrado en Galicia e España 2000-01 (1) : distribución segundo sectores económicos

2000						
	Agricultura e Pesca	Industria	Construcción	Servicios	Sen emprego anterior	Total
(en miles de persoas)						
Galicia	3.931	23.722	15.730	64.644	27.308	135.335
A Coruña	1.484	9.899	6.908	26.873	11.673	56.837
Lugo	394	1.658	1.838	7.315	2.906	14.110
Ourense	396	2.932	2.568	7.954	2.990	16.840
Pontevedra	1.658	9.233	4.416	22.502	9.740	47.548
España	43.674	254.813	153.453	841.947	263.642	1.557.529
Galicia/España	9,0	9,3	10,3	7,7	10,4	8,7

2001						
	Agricultura e Pesca	Industria	Construcción	Servicios	Sen emprego anterior	Total
(en miles de persoas)						
Galicia	3.496	23.181	14.406	64.779	26.177	132.038
A Coruña	1.308	9.167	6.312	26.979	11.323	55.088
Lugo	389	1.634	1.782	7.366	2.704	13.875
Ourense	376	2.871	2.376	7.916	2.872	16.410
Pontevedra	1.423	9.509	3.937	22.519	9.278	46.666
España	40.110	245.176	155.406	850.931	238.261	1.529.884
Galicia/España	8,7	9,5	9,3	7,6	11,0	8,6

(1) medias anuais

Fonte : Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INEM

2.

Esta medra da poboación inactiva prodúcese nas diferentes clases de inactividade consideradas agás no de labores de casa, onde descende en 12,9 miles de persoas. No ano 2001 o maior aumento rexístrase na clase de inactividade “retirados, xubilados e pensionistas” (representan o 52,5% do total dos inactivos galegos), cunha medra de 17,8 miles de persoas, e o menor no dos estudantes, con 5,3 miles de persoas máis (representan o 18,1% do total da poboación inactiva).

Datos rexistrados nas oficinas de emprego da Xunta e no INEM

O paro rexistrado en Galicia no ano 2001 afectou a 132.038 persoas, o que representa un descenso de 3.297 persoas (o 2,4%) respecto ó ano anterior. Este caída do desemprego tradúcese no descenso da taxa de paro que se sitúa no 11,5% no ano 2001 fronte ó 11,7% do 2000.

Tal e como reflicte o **cadro 2.2.12.**, o descenso do paro rexistrado prodúcese nas catro provincias galegas, salientando o rexistrado en A Coruña, con 1.749 (un 3,1%) desempregados menos que no 2000. Na provincia de Pontevedra o descenso foi de 882 persoas (1,9%) en tanto que nas provincias de Ourense e Lugo o número de desempregados descendeu en 430 (2,6%) e 235 persoas (1,7%), respectivamente.

Atendendo á distribución sectorial, o devandito **cadro 2.2.12.** amosa que o paro rexistrado en Galicia medrou tan só no caso do sector servicios (135 parados máis), en tanto que no conxunto do estado esta medra produciuse tanto no caso dos servicios como na construción. Comparado co total estatal, o peso relativo do número de desempregados galegos nos diferentes sectores económicos medrou na industria e no colectivo sen emprego anterior, ata acadalo 9,5% e 11%, respectivamente, en tanto que descende no

resto dos sectores económicos, onde salienta o descenso rexistrado no peso relativo da construción, que pasa do 10,3% do 2000 ó 9,3% no ano 2001.

O **cadro C.2.8.** (*Demandas, ofertas e colocacións rexistradas 2000-01*) reflicte que no ano 2001 o número de demandas de emprego medrou respecto ó ano anterior en 6.614, acadando as 883.873 demandas de emprego. Cómpre salientar que a non obrigatoriedade de rexistrar as demandas no INEM implica que esta cifra difira da demanda de emprego real. O volume total de colocacións no ano 2001 ascendeu en Galicia a 688.316 colocacións, o que significa que estas medraron un 0,4% (2.574 colocacións máis) respecto ó ano 2000.

O devandito cadro amosa o número total de ofertas xestionadas polo SPE no ano 2001. As ofertas xestionadas descenderon un 5,5% no ano 2001, acadando as 86.898 ofertas, fronte ás 91.918 do ano 2000.

O **cadro 2.2.13.** amosa que aproximadamente sete de cada dez colocacións rexistradas ó longo do ano 2001 realizáronse no sector servicios, en tanto que o sector industrial e a construción acollen o 15,1% e o 13,1%, respectivamente. O sector primario acolleu menos do 3% do total de colocacións rexistradas no ano 2001.

Comparado co ano anterior, rexístrase unha medra no número de colocacións rexistradas no sector construción e servicios, fronte ó descenso experimentado no caso do sector primario e sobre todo, no sector industrial. En termos absolutos, o aumento nas colocacións rexistradas no caso dos sectores servicios e construción foi de 10.929 e 3.865 colocacións, respectivamente, mentres que a caída no número de colocacións rexistradas no sector industrial foi de 11.946 fronte ás 274 colocacións no caso da agricultura e pesca.

Atendendo á distribución provincial, o

devandito **cadro 2.2.13.** reflicte un aumento no número de colocacións na provincia de A Coruña (3.648 colocacións máis), fronte ó descenso rexistrado en Lugo (1.070 colocacións). Pola contra, nas provincias de Ourense e Pontevedra o volume total de colocacións permanece practicamente constante (106 máis e 110 colocacións menos, respectivamente).

Respecto á desagregación sectorial, o **cadro 2.2.13.** amosa un descenso do número de colocacións rexistradas no sector industrial en tódalas provincias, salientando a caída rexistrada en Pontevedra, con 9.798 colocacións menos que no ano anterior (un 17,8% inferior). Asemade, o devandito cadro reflicte que no caso do sector primario, o número total de colocacións aumenta tan só no caso da provincia de Pontevedra, en tanto que no caso da construción, as colocacións descenden na provincia de Ourense, e no caso dos servicios na provincia de Lugo.

Ó contrario que no 2000, o número de colocacións nas titulacións de grao superior volve a ser maior ás existentes ás de grao medio, polo que se pode afirmar que empeora a adecuación entre o posto de traballo e o grao de titulación que se posúe. Asemade, no último ano descende o número de colocacións de persoas cun nivel de estudos de EXB (2.914 colocacións menos), formación profesional (2.147 colocacións) e co certificado de escolaridade (568 colocacións).

Un 68,9% das ocupacións (474.558 persoas colocadas) foi acaparado polo grupo de persoas cun nivel de estudos primarios. En termos relativos, descende o peso deste colectivo no total das colocacións, que no ano anterior era do 69,7%.

Este descenso prodúcese nas persoas con certificado de escolaridade (pasa do 28,7% ó 28,5% do ano 2001) e nos que posúen os estudos da EXB (39,4% e 38,8%). Asemade, hai que salientalo descenso das colocacións rexistradas das persoas coa FP, des-

2.

CADRO 2.2.13.

Colocacións rexistradas 2000-01: distribución segundo sectores económicos

	2000	2001	01/00 (%)
A Coruña	279.272	282.920	1,3
Agricultura e pesca	5.850	5.650	-3,4
Industria	45.117	43.923	-2,6
Construcción	40.465	42.040	3,9
Servicios	187.840	191.307	1,8
Lugo	70.908	69.838	-1,5
Agricultura e pesca	3.019	2.786	-7,7
Industria	5.839	5.598	-4,1
Construcción	7.995	8.380	4,8
Servicios	54.055	53.074	-1,8
Ourense	47.030	47.136	0,2
Agricultura e pesca	1.407	1.252	-11,0
Industria	9.919	9.206	-7,2
Construcción	8.294	8.217	-0,9
Servicios	27.410	28.461	3,8
Pontevedra	288.532	288.422	0,0
Agricultura e pesca	8.887	9.201	3,5
Industria	55.081	45.283	-17,8
Construcción	29.809	31.791	6,6
Servicios	194.755	202.147	3,8
Total	685.742	688.316	0,4
Agricultura e pesca	19.163	18.889	-1,4
Industria	115.956	104.010	-10,3
Construcción	86.563	90.428	4,5
Servicios	464.060	474.989	2,4

Fonte: INEM

2.

CADRO 2.2.14.

Colocacións rexistradas 2000-01: distribución segundo nivel de estudos

2000					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Sen estudos	250	32	12	109	403
Estudios primarios sen certificado	4.480	1.749	584	4.682	11.495
Certificado de escolaridade	78.394	17.013	15.008	86.117	196.532
EXB	111.973	21.773	17.499	118.709	269.954
BUP	39.120	7.416	6.328	33.414	86.278
Formación Profesional	22.254	7.633	3.847	23.362	57.096
Titulación grao medio	10.596	9.680	1.994	10.799	33.069
Titulación grao superior	12.205	5.612	1.758	11.340	30.915
Total	279.272	70.908	47.030	288.532	685.742

2001					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Sen estudos	352	29	9	144	534
Estudios primarios sen certificado	4.070	1.805	630	5.049	11.554
Certificado de escolaridade	79.396	17.585	14.531	84.452	195.964
EXB	113.394	21.053	17.530	115.063	267.040
BUP	39.634	7.689	6.700	33.676	87.699
Formación Profesional	22.496	6.879	3.728	21.846	54.949
Titulación grao medio	11.043	9.009	2.261	12.657	34.970
Titulación grao superior	12.535	5.789	1.747	15.535	35.606
Total	282.920	69.838	47.136	288.422	688.316

Fonte: INEM

CADRO 2.2.15.

Contratos de traballo en Galicia e España 2001: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		G/E
		(% / total)		(% / total)	(%)
Sector primario	18.820	2,7	1.499.847	11,0	1,3
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	8.045	1,2	1.475.256	10,9	0,5
Pesca	10.775	1,6	24.591	0,2	43,8
Industria	103.529	15,1	1.321.741	9,7	7,8
Industrias extractivas	3.885	0,6	18.802	0,1	20,7
Industria manufacturera	98.958	14,4	1.285.284	9,5	7,7
Producción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga	686	0,1	17.655	0,1	3,9
Construcción	89.493	13,1	2.024.018	14,9	4,4
Servicios	473.874	69,1	8.738.278	64,3	5,4
Comercio, reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, e artigos persoais e de uso doméstico	78.829	11,5	1.483.414	10,9	5,3
Hostelería	43.998	6,4	1.203.917	8,9	3,7
Transporte, almacenamento e comunicacións	72.342	10,5	625.592	4,6	11,6
Intermediación financeira	2.285	0,3	69.256	0,5	3,3
Actividades inmobiliarias	137.928	20,1	3.246.033	23,9	4,2
Administración Pública, Defensa e Seguridade Social Obligatoria	40.211	5,9	488.739	3,6	8,2
Educación	14.430	2,1	290.438	2,1	5,0
Actividades sanitarias e veterinarias. Servicios Sociais	32.616	4,8	567.499	4,2	5,7
Outras actividades sociais e de servicios prestados á Comunidade. Servicios persoais	50.847	7,4	744.697	5,5	6,8
Fogares que empregan persoal doméstico	380	0,1	18.179	0,1	2,1
Organismos extraterritoriais	8	0,0	514	0,0	1,6
Total	685.716	100	13.583.884	100	5,0

Fonte: INEM

cedendo a súa importancia relativa do 8,3% ó 8,0% do ano 2001.

O número de contratos de traballo rexistrados no ano 2000 acadou os 685.716, un 0,5% superior ó rexistrado o ano anterior (3.607 contratos), dos que 35.875 son contratos indefinidos (o 5,2%) e os 649.841 restantes, corresponde a contratos temporais. Xunto a estes contratos rexistrados, producíronse un total de 24.542 conversións de contratos temporais en indefinidos, mentres que no ano anterior foron 10.482.

No caso do contratos novos, o número de contratos indefinidos descendeu un 12,1% respecto ós asinados no ano anterior para acadalos 35.875 contratos de traballo (4.936 contratos menos). Este descenso no número de contratos indefinidos prodúcese no caso dos contratos indefinidos Lei 63/97 e nos contratos indefinidos a tempo parcial.

O número de contratos de duración temporal en 2001 foi de 649.841, o que representa un aumento de 8.543 contratos (o

1,3%) respecto ó ano anterior. Tal e como reflicte o **cadro C.2.7.** (*Contratos de traballo, contratos convertidos en indefinidos e adscricións en colaboración social 2000-01*) os contratos por obra e servizo seguen a se-lo tipo de contratos máis numeroso en Galicia (227.997 contratos), representado o 35,1% dos contratos de duración temporal rexistrados, seguidos dos contratos eventuais segundo as circunstancias da produción (194.263 contratos), que significan o 28,3%. No ano 2001 produciuse un descenso no número de contratos eventuais segundo as circunstancias da produción, nos de prácticas, nos de formación (Lei 63/97) e nos de substitución por xubilación ós 64 anos. Nos tres primeiros casos este descenso prodúcese tanto no caso dos homes como no das mulleres, mentres que no derradeiro caso o descenso rexístrase só no caso dos homes.

Atendendo ós diferentes tipos de contratos, o devandito cadro reflicte que os homes, como norma xeral, asinan un maior número de contratos que as mulleres, agás no caso dos

2.

Taxas de temporalidade en Galicia e España 2000-01

	Galicia			España		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
2000	34,39	33,98	35,10	32,00	30,66	34,16
I	34,20	32,80	36,66	31,80	30,46	33,98
II	35,20	34,15	37,00	32,14	30,61	34,60
III	34,57	35,04	33,74	32,31	31,10	34,26
IV	33,59	33,93	33,00	31,74	30,46	33,80
2001	34,16	33,50	35,16	31,68	30,03	34,30
I	32,86	33,02	32,61	31,62	30,18	33,90
II	32,94	32,74	33,25	31,56	29,96	34,12
III	35,57	34,25	37,60	31,89	30,20	34,58
IV	35,25	33,97	37,19	31,66	29,78	34,60

Fonte: INE e IGE

contratos indefinidos Lei 63/97, nos de interinidade e nos contratos a tempo parcial. Do total dos contratos de traballo rexistrados, o 58,5% dos mesmos foron asinados por homes, e no caso das excepcións mencionadas, as porcentaxes de contratos asinados por mulleres ascenden a 53,1%, 67,3% e 64,9% do total deses tipos de contratos, respectivamente.

Se considerámo-los diferentes contratos e a súa desagregación por sexos e grupos de idade, cómpre salientar, dunha banda, o elevado peso relativo dos contratos de interinidade no caso das mulleres con idades comprendidas entre 25 e 29 anos e entre 30 e 39 anos. Estes representan o 19% e 21,5% dos contratos de interinidade en Galicia, sendo o seu peso relativo do 15,7% e 19,1%, respectivamente, no conxunto do estado.

Por outra, no caso dos contratos indefinidos ordinarios, o 31,8% dos mesmos corresponde ós homes con idades comprendidas entre 30 e 39 anos (29% no conxunto do estado), sendo a súa importancia relativa do 13% e 11,2% no caso dos homes de máis de 45 anos e con idades entre 40 e 41 anos, respectivamente (6,7% e 7,4% no total estatal). Pola contra, no caso das mulleres galegas, o peso relativo destes contratos no total galego é sempre inferior ó rexistrado para o conxunto do estado.

O **cadro 2.2.15.** amosa a distribución dos contratos rexistrados por sectores e ramas de actividade. En termos absolutos, salienta o volume de contratacións pertencentes á rama

de “actividades inmobiliarias e de alugueiro, servicios empresariais”, con 137.928 contratos (o 20,1% do total de contratos galegos), e ós pertencentes á industria manufactureira, con 98.958 contratos (14,4%). En España, estas porcentaxes ascenden ó 23,9% e 9,5%, respectivamente.

É importante salienta-la diferenza existente no peso relativo no total galego e español das ramas agricultura, gandería, pesca e silvicultura e transportes, almacenamento e comunicacións. En Galicia, estas ramas representan o 1,2% e 10,5%, respectivamente, fronte ó 10,9% e 4,6% en España.

Asemade, o devandito cadro reflicte que o total de contratos rexistrados en Galicia na rama pesqueira, 10.775 contratos, representa o 43,8% do total dos contratos asinados en España nesta rama de actividade, e que os 3.885 contratos da rama industrial extractiva supoñen o 20,7% do total de contratos no conxunto do estado.

Taxa de temporalidade

Tal e como reflicte o **cadro C.2.5.** (*Asalariados e taxa de temporalidade 2000-01*), a taxa de temporalidade, definida como a relación entre o número de asalariados temporais (234,8 miles de persoas) e o total de asalariados (686,9 miles de persoas), descendeu no ano 2001 dúas décimas para situarse no 34,2%. No conxunto do estado, o descenso foi de tres décimas, situándose a mesma nun 31,7%.

CADRO 2.2.17.

Empresas de traballo temporal e contratos de posta a disposición nas CC.AA. 2000-01 ⁽¹⁾

	2000		2001		01/00	
	ETTs	contratos	ETTs	contratos	ETTs	contratos
Andalucía	71	176.249	70	176.580	-1	331
Aragón	36	60.857	36	53.790	0	-7.067
Asturias	21	22.396	21	22.834	0	438
Baleares	22	25.362	20	22.745	-2	-2.617
Canarias	27	53.438	29	58.501	2	5.063
Cantabria	18	20.819	17	17.666	-1	-3.153
Castela - A Mancha	26	41.334	25	40.030	-1	-1.304
Castela e León	37	96.971	38	90.657	1	-6.314
Cataluña	126	482.894	123	450.802	-3	-32.092
C. Valenciana	64	207.723	65	186.024	1	-21.699
Estremadura	12	13.936	12	11.984	0	-1.952
Galicia	35	85.660	34	78.542	-1	-7.118
A Coruña		33.854		30.752		-3.102
Lugo		7.357		6.056		-1.301
Ourense		4.923		5.401		478
Pontevedra		39.526		36.333		-3.193
Madrid	151	394.730	142	372.122	-9	-22.608
Murcia	30	123.118	33	126.739	3	3.621
Navarra	30	36.927	31	34.969	1	-1.958
País Vasco	58	145.371	58	128.340	0	-17.031
Rioxa	18	16.680	18	15.267	0	-1.413
Ceuta e Melilla	5	667	5	443	0	-224
Total	787	2.005.132	777	1.888.035	-10	-117.097

(1) ETTs con autorización a 31-12 de cada ano segundo C.A. de ubicación dos seus centros de traballo
 Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Boletín de estadísticas laborales

Atendendo á súa desagregación por sexos, o **cadro 2.2.16.**, reflicte que a evolución da taxa de temporalidade é desigual no caso dos homes e das mulleres. Fronte ó descenso rexistrado no caso dos homes (pásase dos 34% en 2000 ós 33,5% no ano 2001) a taxa de temporalidade feminina medra unha décima (35,1% de 2000 ata os 35,2% do 2001). No conxunto do estado rexístrase a mesma tendencia, descendendo a taxa de temporalidade 6 décimas no caso dos homes, fronte ó descenso dunha décima no caso da taxa feminina.

O grao de rotación existente no mercado de traballo, entendido como a relación existente entre o número de contratos temporais realizados (649.841) e a poboación asalariada temporal (234,8 miles de persoas), mantense no ano 2001 en 2,8 contratos por persoa asalariada temporal.

Empresas de traballo temporal (ETT)

O número de empresas de traballo temporal cun centro de traballo en Galicia ascendeu no ano 2001 a 34, unha menos que no ano

anterior, o que representa o 4,4% do total de empresas de traballo temporal a nivel estatal. Estas empresas rexistraron 78.542 contratos de posta a disposición (7.118 menos que no ano 2000), que representan o 4,2% dos contratos rexistrados no conxunto do estado.

Atendendo á desagregación por provincias, Pontevedra é a que acolle o maior número de contratos de posta a disposición, con 36.333 contratos, por diante de A Coruña, con 30.752 contratos. Comparado co ano anterior, Ourense é a única provincia que rexistrou unha medra no número de contratos de posta a disposición, con 478 contratos máis, rexistrando as provincias de Pontevedra e A Coruña un descenso de 3.193 e 3.102, respectivamente.

Condicións de traballo

Este último apartado da análise do mercado de traballo estrutúrase en dous grandes áreas nas que se presentan os datos da sinistralidade laboral e cuestións relacionadas coas relacións laborais como a negociación colectiva, a regulación do emprego, a conflictividade laboral ou os custos laborais.

CADRO 2.2.18.

Accidentes profesionales con baixa en xornada de traballo 2000-01

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2000	2001	01/00 (%)	2000	2001	01/00 (%)	2000	2001	01/00 (%)	2000	2001	01/00 (%)
A Coruña	16.706	18.005	7,8	322	320	-0,6	52	45	-13,5	17.080	18.370	7,6
Lugo	4.333	4.478	3,3	142	161	13,4	14	12	-14,3	4.489	4.651	3,6
Ourense	3.764	4.003	6,3	100	119	19,0	10	9	-10,0	3.874	4.131	6,6
Pontevedra	17.814	18.861	5,9	285	350	22,8	48	33	-31,3	18.147	19.244	6,0
Total	42.617	45.347	6,4	849	950	11,9	124	99	-20,2	43.590	46.396	6,4

Fonte: Dirección Xeral de Relacións Laborais, Sinistralidade laboral en Galicia

CADRO 2.2.19.

Actividades económicas con maior sinistralidade laboral 2000-01

2000			2001		
Nº de orde	Actividade económica	Nº accidentes	Nº de orde	Actividade económica	Nº accidentes
1	45 Construción	11.346	1	45 Construción	12.183
2	28 Fabricación produtos metálicos agás maquinaria e equipo	2.374	2	28 Fabricación produtos metálicos agás maquinaria e equipo	2.760
3	52 Comercio polo miúdo agás vehículos motor, reparac. domést.	2.363	3	74 Outras actividades empresariais	2.530
4	74 Outras actividades empresariais	2.285	4	52 Comercio polo miúdo agás vehículos motor, reparac. domést.	2.520
5	5 Pesca, acuicultura e serv. relacionados	2.136	5	35 Fabric. doutro material de transporte	2.487
6	35 Fabric. doutro material de transporte	2.095	6	5 Pesca, acuicultura e serv. relacionados	2.007
7	15 Industria de produtos alimenticios e bebidas	1.889	7	15 Industria de produtos alimenticios e bebidas	2.001
8	51 Comercio por xunto e intermediarios agás vehículos motor	1.773	8	51 Comercio por xunto e intermediarios agás vehículos motor	1.887
9	20 Industria da madeira e cortiza (agás mobles)	1.594	9	20 Industria da madeira e cortiza (agás mobles)	1.441
10	26 Fabric. doutros produtos minerais non metálicos	1.436	10	75 Adm't. pública, defensa e seg. social obrigatoria	1.405

Fonte: Dirección Xeral de Relacións Laborais, Sinistralidade laboral en Galicia

O número total de **accidentes** rexistrado en Galicia no ano 2001 ascendeu a 50.158, dos que 46.396 foron accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo e 3.762 accidentes “in itinere”. Comparado co ano anterior, prodúcese un crecemento do 6,2% no número total de accidentes respecto ó ano anterior, porcentaxe que ascende ó 6,4% no caso dos accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo e ó 3,8% no caso do accidentes “in itinere”.

A provincia de Pontevedra foi a que rexistrou o maior número de accidentes e enfermidades profesionais con baixa en xornada de traballo, con 19.244 accidentes (o 41,5%), seguida de A Coruña, con 18.370 accidentes (o 39,6%). Comparado cos datos do ano anterior, A Coruña experimentou un crecemento do 7,6%, sendo Lugo a provincia coa menor a taxa de crecemento, co 3,6%.

Respecto ós accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo e a súa distribución segundo a súa gravidade, o **cadro 2.2.18.** reflicte que o 97,7% dos accidentes foron leves (45.347 accidentes) e un 2,1% e 0,2% graves e mortais, respectivamente. Comparado co ano anterior, descende o número de accidentes mortais en Galicia un 20,2%, e aumenta o número de accidentes leves (un 6,4%) e graves (un 11,9%).

No ano 2001, rexístrase un descenso no número de accidentes mortais en tódalas provincias, salientando Pontevedra, con 15 accidentes mortais menos que no ano anterior. Nese ano tamén se reduce o número de accidentes graves na provincia de A Coruña (dous menos).

Atendendo á distribución sectorial, **cadro C.2.13.** (*Accidentes e enfermidades profesionais 2000-01: distribución segundo a gravidade e sectores económicos*), o sector servicios foi o que acolleu o maior número de accidentes laborais con 15.770 accidentes (un 6,4% máis que no ano 2000) seguido do sector industrial, con 15.087 accidentes (un 8,2%

superior ó ano anterior) e o da construción, con 12.183 accidentes (7,4% máis que no 2000). O subsector pesqueiro foi o único que rexistrou unha caída no número de accidentes con baixa en xornada de traballo, ó descender este un 6% respecto ó ano 2000 (129 accidentes menos).

Considerando os diferentes tipos de accidentes, cómpre salienta-lo descenso dos accidentes mortais, graves e leves no sector da pesca así como a redución dos accidentes mortais no caso da industria e servicios. No lado oposto, cómpre salientar que no ano 2001 prodúcese un aumento superior ó 15% no caso dos accidentes graves nos sectores da industria e construción, sendo do 11% no caso dos servicios.

Por ramas de actividade, o **cadro 2.2.19.** reflicte que as dez primeiras ramas en canto ó número de accidentes se refire, nos anos 2000 e 2001. Sobre o total de accidentes laborais, estas actividades supoñen o 64,3%, fronte ó 67,2% do ano anterior. A construción é a actividade económica con maior sinistralidade (12.183 accidentes), moi por diante da fabricación de produtos metálicos agás maquinaria e equipo (2.760 accidentes) e de outras actividades empresariais (2.530 accidentes).

No concernente ós **índices de incidencia** da sinistralidade laboral, que relaciona os accidentes en xornada de traballo con baixa co número medio de persoas expostas, cómpre salientar que, a diferenza do acontecido no conxunto do estado, este medrou en Galicia dende os 61,93 miles de accidentes/ nº medio de persoas expostas do ano 2000 ata os 63,91 do ano 2001. A pesares deste comportamento, Galicia segue por debaixo da media nacional (74,42 miles de accidentes/ nº medio de persoas expostas no ano 2001), sendo a quinta comunidade co menor índice, só superior ó rexistrado en Melilla (46,94) Extremadura (53,71), Aragón (58,93) e Madrid (63,50).

Ó contrario do acontecido no ano ante-

2.

CADRO 2.2.20.

Estructura global da negociación colectiva galega con especificacións do seu ámbito territorial 2000-01

	C.Autónoma/ Interprovincias C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total (1)
2000						
Sector	11	36	23	19	37	126
Empresa	30	170	50	58	207	515
Total	41	206	73	77	244	641
2001						
Sector	11	37	23	19	37	127
Empresa	36	173	50	59	210	528
Total	47	210	73	78	247	655

(1) neste cómputo contabilízanse convenios colectivos e acordos reguladores
Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

CADRO 2.2.21.

Convenios colectivos e revisións salariais negociados en Galicia, con efectos para 2000-01

	Convenios renovados		Revisións salariais		Negociados por 1ª vez		Total	
	nº	Traballadores	nº	Traballadores	nº	Traballadores	nº	Traballadores
2000								
Sector	49	120.956	25	106.774	4	2.031	78	229.761
Empresa	128	15.491	18	1.361	42	1.935	188	18.787
Total	177	136.447	43	108.135	46	3.966	266	248.548
2001								
Sector	65	146.686	24	109.864	1	300	90	256.850
Empresa	134	23.539	28	3.150	42	2.032	204	28.721
Total	199	170.225	52	113.014	43	2.332	294	285.571

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

2.

rior, esta medra rexístrase nas catro provincias galegas. En Pontevedra o índice ascende ata os 74,45 miles de accidentes/ nº medio de persoas expostas (72,64 no ano 2000), sendo de 61,88 miles de accidentes/ nº medio de persoas expostas en A Coruña (59,72 no ano anterior). Na provincia de Lugo pasa dos 47,55 miles de accidentes/ nº medio de persoas expostas de 2000 ós 48,69 do ano 2001, e en Ourense de 52,54 a 55,03 miles de accidentes/ nº medio de persoas expostas.

Atendendo á distribución sectorial, cómpre salienta-lo elevado valor no caso da construción e da industria, con 144,72 e 102,71 miles de accidentes/ nº medio de persoas expostas, respectivamente. No sector pesqueiro, este índice acada os 65,21 miles de accidentes/ nº medio de persoas, sendo no sector servicios e na agricultura, de 40,47 e 18,13.

A meirande parte dos accidentes, 34.068

accidentes, corresponderon no ano 2001 a persoas con contrato temporal (o 73,4% dos accidentes), mentres un 22,1% dos accidentes (10.264 accidentes) corresponderon a persoas con contrato indefinido. No caso dos accidentes leves esta porcentaxe ascende ó 73,6%, sendo do 68,6% no caso dos graves e do 58,6% nos accidentes mortais.

No concenrente ás relacións laborais, o número de convenios colectivos –vixentes ou prorrogados tacitamente– existentes en Galicia a 31 de decembro do ano 2001 foi de 655, dos que o 80,6% (528 convenios) corresponde a convenios empresa. Comparado co ano anterior, rexístrase unha medra no número total de existentes (14 máis), así como no caso dos convenios de sector e de empresa (un e 13 máis, respectivamente).

O número de convenios colectivos renovados no ano 2001 ascendeu a 199, que afectaron a un total de 170.225 traballadores (65 convenios e 146.686 traballadores afectados

CADRO 2.2.22.

Traballadores e empresas afectados por convenios colectivos e revisión salariais de grupo de empresas, empresas ou ámbitos inferiores á empresa, e de sector negociados na Comunidade Autónoma de Galicia, con efectos para 2001

Empresas

	C/Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Total	
	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.
Agricultura	240	1	186	7	-	-	-	-	80	1	506	9
Industria	695	4	2.854	22	2.016	14	2.172	11	14.750	41	22.487	92
Construción	-	-	-	-	-	-	105	1	-	-	105	1
Servicios	600	5	1.459	28	409	11	510	13	2.645	51	5.623	108
Total	1.535	10	4.499	57	2.425	25	2.787	25	17.475	93	28.721	210

Sector

	C/Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Total	
	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.
Agricultura	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Industria	3.015	109	25.402	2.783	6.590	2.113	6.381	671	29.525	3.950	70.913	9.626
Construción	-	-	38.500	3.200	8.120	840	7.224	628	25.000	4.000	78.844	8.668
Servicios	600	50	40.059	6.619	8.554	1.982	5.881	2.037	52.199	17.705	107.093	28.393
Total	3.615	159	103.961	12.602	23.264	4.935	19.286	3.336	106.724	25.655	256.850	46.687

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

corresponden a convenios a nivel sector). Comprado co ano anterior, o **cadro 2.2.21.** reflicte que se produce unha medra no número de convenios e traballadores afectados tanto no caso dos convenios a nivel sector como no caso dos convenios a nivel empresa.

Ó contrario que no caso dos convenios renovados, prodúcese un descenso do número de convenios negociados por primeira vez, que pasa dos 46 convenios do ano 2000 ós 43 do 2001 (1 de sector e 42 de empresa). O número de traballadores afectados foi de 2.332 (1.634 menos que no ano anterior), dos que 2.032 corresponden a convenios de empresa. Cómpre salientar que o convenio a nivel sector afecta a 300 traballadores, mentres que no ano anterior os catro convenios rexistrados afectaban a 2.031 persoas.

Ademais dos convenios negociados ou revisados no 2001, hai un total de 401 convenios rexistrados anteriormente (97 de sector e 304 de empresa) pero con vixencia expresa neste último ano. O número de traballadores afectados foi de 312.884 traballadores.

Atendendo ó ámbito territorial de aplicación, o 4,4% dos convenios negociados ou revisados no ano 2001 foron de ámbito superior ó da provincia. A provincia de Pontevedra é a que acolle o maior número de convenios negociados ou revisados, con 116 (o 39,5%), e o maior número de traballadores afectados, con 124.199 (o 43,5%). Séguelle A Coruña, que rexistra un total de 81 convenios (o 27,6%) que afectan a 108.460 traballadores (o 38%)

Os **cadros 2.2.21.** e **2.2.22.** amosan que a maioría dos traballadores e empresas que están afectados por convenios ou revisións salariais o están por convenios a nivel sector: 256.850 traballadores (o 89,9% do total de convenios colectivos e revisións salariais) e 46.687 empresas (o 99,6% do total). O sector servicios acolle o 60,8% das empresas e o 41,7% dos traballadores afectados por estes convenios a nivel sector.

No caso dos convenios a nivel empresa, a maior porcentaxe de traballadores afectados concéntranse no sector industrial, co 78,3%, en tanto a maior porcentaxe de empresas afectadas rexístrase no sector servicios, co 51,4%.

O **incremento salarial** medio pactado nos 294 convenios e revisións salariais negociados foi de 3,26%, case 3 décimas superior ó incremento medio do ano anterior, e 7 décimas superior á inflación galega do ano 2001. O **cadro 1.4.3.** (*Incremento salarial pactado 2001: media ponderada*) reflicte que a provincia de Ourense presentou o incremento medio máis elevado, co 3,58% (1,6 puntos máis que a taxa de variación interanual da inflación nesa provincia), seguida de Lugo, co 3,26% (1,3 puntos máis que a inflación rexistrada en Lugo).

Entre os convenios negociados o incremento salarial máis alto foi o dos convenios de sector de ámbito interprovincial ou de comunidade autónoma e nos de sector de Lugo, co 4,89% e 4,34%, respectivamente. Nas revisións salariais o incremento maior deuse nas de sector de Ourense, co 4,62%.

A **xornada media** efectiva por traballador en Galicia medrou lixeiramente no 2001, pasando de 1.687,8 horas/ano en 2000 ás 1.697,9 horas de 2001. Esta cifra sitúa a Galicia como a terceira comunidade autónoma con maior xornada media efectiva por traballador, tras Baleares e Canarias.

Tal e como reflicte o **cadro C.2.12.** (*Xornada media efectiva por traballador 2000-01: distribución segundo sector de actividade*), a xornada media efectiva medra no ano 2001 en Galicia en tódolos sectores respecto ó ano precedente, presentando todos eles unha xornada media efectiva superior á rexistrada no conxunto do estado.

A xornada media pactada na negociación colectiva galega no ano 2001, **cadro C.2.11.** (*Xornada media pactada na negociación colectiva 2000-01*), foi de 1.773,2

CADRO 2.2.23.

Expedientes de regulación de empleo resoltos 2000-01: distribución segundo medida autorizada

2000								
	Total		Suspensión		Reducción xornada		Rescisión	
	Número	Trab. afect.	Número	Trab. afect.	Número	Trab. afect.	Número	Trab. afect.
A Coruña	149	1.184	120	866	1	11	28	307
Lugo	32	371	29	324	-	-	3	47
Ourense	10	57	8	46	-	-	2	11
Pontevedra	149	3.459	138	3.280	-	-	11	179
Total	340	5.071	295	4.516	1	11	44	544

2001								
	Total		Suspensión		Reducción xornada		Rescisión	
	Número	Trab. afect.	Número	Trab. afect.	Número	Trab. afect.	Número	Trab. afect.
A Coruña	303	2.030	290	1.901	-	-	13	129
Lugo	11	44	8	26	-	-	3	18
Ourense	11	70	9	42	-	-	2	28
Pontevedra	200	3.655	178	2.311	2	9	20	1.335
Total	525	5.799	485	4.280	2	9	38	1.510

Fonte: Dirección Xeral de Relacións Laborais

CADRO 2.2.24.

Expedientes de regulación de empleo resoltos 2000-01

2000						Total cadro de persoal	Total trab. afectados
	Expedientes						
	Total	Autorizados pactados	Autorizados non pactados	Non autorizados	Desistidos		
A Coruña	158	110	38	2	8	1.521	1.184
Lugo	38	31	1	4	2	568	371
Ourense	10	9	1	-	-	79	57
Pontevedra	156	76	73	1	6	4.128	3.459
Total	362	226	113	7	16	6.296	5.071

2001						Total cadro de persoal	Total trab. afectados
	Expedientes						
	Total	Autorizados pactados	Autorizados non pactados	Non autorizados	Desistidos		
A Coruña	315	40	263	3	9	2.457	2.030
Lugo	17	11	-	3	3	245	44
Ourense	11	11	-	-	-	158	70
Pontevedra	207	78	122	4	3	5.023	3.655
Total	550	140	385	10	15	7.883	5.799

Fonte: Dirección Xeral de Relacións Laborais

horas, fronte ás 1.776,8 horas do ano anterior. O sector agrario pactou unha xornada media de 1.751,5 horas, en tanto que no caso dos sectores non agrarios, a xornada media pactada máis elevada corresponde ó sector servicios, con 1.803,8 horas.

No concernente á **regulación de empre-**

go, o número de expedientes de regulación de emprego resoltos en Galicia no ano 2001 medrou nun 51,9%, acadando os 550 expedientes, dos que 525 foron autorizados (140 pactados e 385 non pactados), 10 non autorizados e 15 desistidos. O número total de traballadores afectados ascendeu a 5.799, 728 traballadores máis que no ano anterior, dos

Expedientes de regulación de empleo autorizados 2000-01: distribución segundo a causa

2000												
	Total	FP 01	QSD 03	PT 04	RU 05	RD 06	FM 09	AM 10	TC 12	O 13	P 14	Ot. 15
Exptes. autorizados	339	2	-	35	1	6	160	2	77	41	14	1
Trab. afect.	5.071	27	-	1.218	5	301	1.342	252	555	296	1.064	11
Trab. reduc. xornada	11	-	-	11	-	-	-	-	-	-	-	-
Trab. rescisión	544	-	-	279	-	26	82	7	34	63	53	-
Trab. suspensión	4.516	27	-	928	5	275	1.260	245	521	233	1.011	11

2001												
	Total	FP 01	QSD 03	PT 04	RU 05	RD 06	FM 09	AM 10	TC 12	O 13	P 14	Ot. 15
Exptes. autorizados	525	1	1	31	2	5	393	4	64	11	11	2
Trab. afect.	5.799	2	9	2.411	6	64	2.594	31	461	21	183	17
Trab. reduc. xornada	9	-	-	7	-	-	-	-	-	-	2	-
Trab. rescisión	1.510	-	9	1.397	-	-	65	-	9	1	12	17
Trab. suspensión	4.280	2	-	1.007	6	64	2.529	31	452	20	169	-

FP 01 Falta de productividad
QSD 03 Quebra, suspensión de pagos, débedas
PT 04 Problemas de tesourería ou financiamento
RU 05 Ruínas ou obras de inmobles
RD 06 Restricción da demanda ou consumo
FM 09 Forza maior

AM 10 Aplicación de medidas económicas
TC 12 Técnicas e/ou tecnolóxicas
O 13 Organizativas
P 14 De produción
Ot. 15 Outras

Fonte: Dirección Xeral de Relacións Laborais

2.

que 1.510 (o 26%) sufriron a rescisión do seu contrato, 9 traballadores unha redución da xornada e 4.280 (o 73,8%) suspensión do emprego.

A provincia de Pontevedra é a que presenta o maior número de traballadores afectados polos devanditos expedientes, con 3.655 traballadores (63%), en tanto que A Coruña é a que rexistra o maior número de expedientes resoltos, con 315 expedientes (57,3%), seguido de Pontevedra con 207 (37,6%). A provincia de Lugo foi a única que experimentou un descenso no número de expedientes resoltos (21 menos que no ano anterior), reducíndose o número de traballadores afectados polos mencionados expedientes de regulación de emprego en 327 traballadores (**cadro 2.2.23.**).

En relación ás diferentes causas dos expedientes de regulación de emprego, o **cadro 2.2.25.** amosa que a forza maior, seguida das causas técnicas e/ou tecnolóxicas, son as que dan lugar a un maior número de expedientes, mentres que as causas de forza maior e os problemas de produción e os de tesou-

rería ou financiamento son os que afectan a un maior número de traballadores.

En relación á **conflictividade laboral**, os **cadros 2.2.26.** e **2.2.27.** amosan o total de folgas autonómicas e provinciais. No ano 2001 convocáronse un total de 9 folgas autonómicas, das que se realizaron 6 (catro a nivel sector e dúas a nivel empresa). Nos 15 días de folga, o número de traballadores participantes ascendeu a 118.734 e o número de xornadas non traballadas foi de 118.925. En canto ás folgas provinciais, o número de folgas realizadas foi de 29 (15 menos que o ano anterior), e o número de días de folga ascendeu a 427 días (288 no ano 2000). O número de xornadas non traballadas e o número de traballadores e traballadoras participantes foi de 7.242 e 24.042, respectivamente.

O **cadro 2.2.28.** amosa un descenso importante nas catro provincias galegas tanto no caso dos traballadores participantes nas folgas como no caso das xornadas non traballadas. A provincia de A Coruña foi a que acolleu o maior número de traballadores participantes nas folgas do 2001, con 4,7 miles de

CADRO 2.2.26.

Folgas autonómicas 2000-01

	Folgas			Días de folga	Traballadores participantes	Xornadas non traballadas
	Convocadas	Suspendidas	Realizadas			
2000						
Sector	4	-	4	4	15.591	30.687
Empresa	5	1	5	24	708	3.256
Total	9	1	9	28	16.299	33.943
2001						
Sector	4	-	4	12	118.450	118.540
Empresa	5	4	2	3	284	385
Total (1)	9	4	6	15	118.734	118.925

(1) Das catro folgas suspendidas de empresa na CC.AA., unha foi convocada no ano 2000.
 Fonte: Dirección Xeral de Relacións Laborais

CADRO 2.2.27.

Folgas provinciais 2000-01

	Folgas			Días de folga	Traballadores participantes	Xornadas non traballadas
	Convocadas	Suspendidas	Realizadas			
2000		44	44	288	8.881	99.351
2001	73	48	29	427	7.242	24.042

Fonte: Dirección Xeral de Relacións Laborais

CADRO 2.2.28.

Repercusión das folgas 2000-01: traballadores participantes e xornadas non traballadas

	2000		2001	
	Traballadores participantes	Xornadas non traballadas	Traballadores participantes	Xornadas non traballadas
	(en miles)			
A Coruña	87,4	207,1	4,7	14,8
Lugo	27,4	40,0	0,1	2,9
Ourense	14,8	15,7	0,2	1,0
Pontevedra	39,0	50,2	1,6	23,3

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Boletín de Estadísticas Laborales

persoas, en tanto que Pontevedra foi a que acolleu o maior número de xornadas non traballadas, con 23,3 miles de xornadas.

A análise das condicións de traballo finaliza co estudo dos **custos laborais**, que se fai a partires do *Índice de Costes Laborales* do INE, que substitúe á *Encuesta de Salarios en la Industria y los Servicios* a partires do 2001.

O *Índice de Costes Laborales* é unha operación estatística continua, de carácter conxuntural e periodicidade trimestral, que

ten por obxectivos proporcionar información sobre o custo laboral medio por traballador e mes, o custo laboral medio por hora efectiva de traballo e sobre o tempo traballado e non traballado.

A enquisa esténdese ó conxunto da industria, a construción e os servizos. En concreto invístanse aquelas contas de cotización con actividades económicas comprendidas nas seccións da C á K e da M á O da CNAE-93. En total invístanse 54 divisións da CNAE-93. Quedan excluídas a Administración Pública, Defensa e Seguridade Social

Obrigatoria (sección L da CNAE-93), o servizo doméstico (sección P) e os organismos extraterritoriais (sección Q).

A estatística comprende a tódolos traballadores por conta allea que están asociados a contas de cotización, con independencia do seu tamaño, incluídas no Réxime Xeral da Seguridade Social e non Réxime Especial da Minería do Carbón.

O custo medio por traballador e mes en Galicia no ano 2001 medrou un 5,0% respecto á media do ano anterior, para acadalos 1.611 euros. Este custo total divídese en custo salarial medio por traballador e mes, 1.198,5 euros (un 4,2% superior á do ano 2000), e outros custos non salariais, que acadan os 412,4 euros por traballador e mes (un 7,7% máis que no mesmo período do ano anterior). Comparado co total estatal, o **cadro C.2.9.** (*Custo laboral por traballador e mes e por hora efectiva en Galicia e España 2000-01: distribución segundo compoñentes do custo*) reflicte que Galicia rexistra un custo medio por traballador e mes inferior ó do conxunto do estado, aínda que as taxas de variación respecto á media do ano 2000 son superiores no caso galego.

A industria é o sector co maior custo laboral por traballador e mes, con 1.793 euros, seguido dos servizos e a construción, con 1.562,6 e 1.470,7 euros, respectivamente. Comparado co ano anterior, o custo laboral por traballador e mes medra un 5,3% no caso do sector industrial (4,2% no conxunto do estado), e un 4,9% no caso dos sectores construción e servizos (4,7% e 4,2%, respectivamente no conxunto de España). Esta mesma estrutura mantense no caso dos custos salariais totais e no caso dos outros custos non salariais.

No concernente ó **tempo medio de traballo** por traballador e mes, **cadro C.2.10.** (*Tempo de traballo por traballador e mes en Galicia e España 2000-01: distribución segundo tipo de xornada e sectores de activi-*

dade), as horas pactadas por traballador e mes foron 161,4 horas no ano 2001, fronte ás 168,1 horas do ano anterior. As horas efectivamente traballadas no 2001 en Galicia son 142,8 horas, tres menos que en 2000. Comparado co total estatal, Galicia presenta nos dous anos considerados un maior número de horas de traballo pactadas e horas efectivas por traballador e mes.

Os traballadores a tempo completo teñen en Galicia 170,3 horas pactadas (170 no conxunto do estado) das que 150,5 son efectivas e 20,9 horas non traballadas ó mes (148,9 e 21,9 horas en España, respectivamente). Os traballadores a tempo parcial teñen 80,3 horas pactadas (83,6 hora no conxunto do estado), 72,5 horas efectivas e 8,0 horas non traballadas (74,5 horas e 9,2 horas no conxunto do estado, respectivamente).

Atendendo á distribución sectorial, tanto no conxunto do estado como en Galicia, a construción é o sector de actividade con máis horas pactadas e efectivas a tempo completo, mentres que a industria é o sector con máis horas pactadas e efectivas a tempo parcial. ■